

programar para todo o ano - o caso Cariño

entrevista de Iván Fernández a Jonathan Miranda, Concelleiro de Cultura e programador de Cariño



Jonathan Miranda (Cariño, 1986) é o actual Concelleiro de Cultura, Deporte e Facenda do concello de Cariño, onde tamén exerce de programador para as diversas propostas escénicas que se ofrecen nesta vila da comarca do Ortegal. Conversamos con el a propósito da súa actividade, da Mostra de Teatro Galego de Cariño e da colaboración co programa "Cara a unha escena plural", proxecto dinamizador da danza e as artes vivas en Galicia.

Como chegaches a dedicarte á política?

Primeiro, xa varios familiares meus estaban en política, así que medrei vivíndoa de cerca. Unha vez que xa teño unha certa idade, comezo a colaborar con diversas asociacións do concello, facendo actividades, festivais... Entón, hai un momento no que me propoñen implicarme un pouco máis. Din o paso, e concorrín como candidato nas eleccións de 2011, que non gañamos. Para as de 2015 creamos un equipo novo, co que si resultamos elixidos, e saio de concelleiro por primeira vez. Finalmente, en 2019 repetimos a lista, e aquí estamos.

E sempre fuches concelleiro de Cultura e Deporte.

Si. Eu tiña claro que quería traballar en cultura e co movemento asociativo do que eu viña e, a maiores, propuxéronme tamén a Concellería de Deportes. Tocaríanme tamén, en sucesivos cambios, as de Educación, Xuventude e Facenda, pero xa cando resultamos re-elixidos no 2019, puidemos ampliar o noso número de Concellerías, mantendo eu as de Cultura, Facenda e Deporte.

“que ningún quede sen ir ao Conservatorio ou a outra actividade por problemas económicos”

Nestes anos que levas dedicado á política, como dirías que foi o desenvolvemento cultural da vila?

Non me gusta moito falar do meu propio traballo, prefiro que o fagan os demais. Con todo, do que si podemos falar é que, xa antes de chegar ao concello, a nivel cultural eu quería facer moitas cousas, como crear unha liña de subvencións para tódalas asociacións, ou un sistema de becas para financiar as actividades culturais, educativas e deportivas das familias con menos recursos. Que ningún quede sen ir ao Conservatorio ou a outra actividade por problemas económicos. Son actividades que puideron ir saíndo adiante durante estas dúas lexislaturas grazas, entre outras colaboracións, a Servizos Sociais ou á Concellería de Benestar. Hai que ter en conta que viñamos dunha forte crise económica e que precisamente a cultura sufriu moitos recortes. A miña idea era a de impulsar de novo este sector. Tamén en Deportes, aínda que non sexa do que me preguntas.

En concreto, quixeches darlle unha volta á Mostra de Teatro Galego, unha das decanas da nosa comunidade, e que vai xa pola súa XLIII edición.

Para min era algo moi importante, onde eu colaboraba de novo, botando unha man durante moitas horas de carga e descarga, por exemplo. Daquela a Mostra andaba un pouco de capa caída e, sendo como é unha gran oportunidade para fomentar a cultura e crear público, foi unha das liñas claras que eu quería potenciar cando chegamos ao concello. A Mostra é un evento fundamental para a vila non só a nivel cultural, xa que aporta moitos visitantes, repercutindo así tamén a nivel económico e social. Decatámonos, por exemplo, que había moito público que descoñecía a historia da Mostra, ou que fose unha proposta con tantos anos de vida. Entón, quixemos dala a coñecer de novo, convertela nunha das bandeiras do noso pobo. Foi así que, cando comezamos coa programación para a primeira Mostra que organizamos, decidimos manter os eventos de interior, pero tamén comezamos a sacalo á rúa, que se vexa o que temos. E agora, a xente preguntanos pola Mostra, polas datas, pola programación... Outra cousa que apreciamos foi que, a pesares de que a Mostra atraese a moito público, non había unha continuidade na programación cultural ao longo do ano. Había, iso si, actuacións esporádicas, en datas especiais. Así, a nosa idea foi tamén a de ter unha programación para todo o ano.

Unha programación da que ti te encargas en persoa.

Así é. A min encantaríame ter a unha persoa técnica en cultura, que se encargase da programación, mais a nivel orzamentario é moi complicado.

Cal é a liña que segues para facer a programación e que dificultades atopas para poder levala ao cabo?

Grazas á nosa aposta pola cultura e á axuda da Deputación da Coruña, podemos incrementar o orzamento dedicado á programación escénica na vila. Entón a nosa idea é a de facer da Mostra o centro da actividade cultural, pero cunha continuidade de propostas ao longo do ano. A programación é moi variada: teatro infantil, para adultos, de rúa, música, cine... tentando ademais ir cara a novas linguaxes escénicas. Propostas que de primeiras poden non ser para un público maioritario, pero onde se nota xa ese pouso que vai deixando a Mostra e o público que xa está afeito a unha continuidade cultural.

“a danza goza de moi boa saúde; debemos apostar por ela”

Unha desas liñas é a da danza e as artes do movemento, onde colaborades co programa “Cara a unha escena plural”.

Aquí estabamos afeitos a que, cando falabamos de danza, nos referíamos a danza tradicional, que xa tiña a súa propia programación. Quixemos incrementar este tipo de propostas, e por iso aceptamos formar parte do programa. Sendo certo que aínda non chegamos a ter unha oferta ampla, estamos traballando para conseguilo. Por exemplo, o ano pasado estivo o espectáculo Pink Unicorns, que tivo unha gran acollida. Este ano, xa tivemos á Nova Galega de Danza con Leira, precisamente inaugurando a Mostra. Dentro do programa “Cara a unha escena plural”, teremos a Marta Alonso Tejada con Bailar agora, no mes de decembro. Estas propostas van acompañadas de outras máis didácticas, como a visita que fará seguramente Marta ao Instituto, a charla posterior ao espectáculo, ou o proxecto das Aulas Vivas, con obradoiros, etc. A idea é a de ir ampliando o orzamento e as propostas para vindeiras datas.

Unha forma máis de dar a coñecer a gran calidade dos espectáculos de movemento que hai agora en Galicia, e de ir creando público para os mesmos.

É unha das nosas meirandes teimas, algo que consideramos moi importante. Grazas á Mostra, sabemos xa que a xente maior asiste ao teatro, xa ten ese costume. Pero nós queremos tamén ver á xente máis nova. De aí que a nosa programación os teña moi en conta. Tamén ao público infantil e familiar, para que vaian collendo o costume de ver teatro. Por exemplo, ata hai pouco a Asociación de Amas de Casa era a única que facía teatro na vila. Por iso quixemos abrir a Aula de Teatro, que non había. Un lugar onde poder aprender a facer teatro e tamén a ver teatro. E o certo é que o público responde, enchendo o auditorio pese ao medo pola pandemia e as restricións. O que queremos é que a xente valore que Cariño e outros concellos pequenos podemos traer propostas como as de danza e movemento, que non só se poden ver en grandes cidades ou en grandes teatros.

O certo é que, a pesares de ser unha comunidade relativamente pequena, ou de non ter sequera un Conservatorio Superior de Danza, as propostas escénicas de artes do movemento en Galicia teñen unha altísima calidade e variedade, ata o punto que nos pasados Premios María Casares de Teatro, un dos espectáculos máis galardoados foi precisamente Bailar agora, unha proposta de danza. Nos recentes premios Max das Artes Escénicas, nacionais, un bailarín galego (Iván Villar) foi premiado como mellor intérprete de danza masculino...

Puidémolo ver no mesmo Galicia Escena Pro deste ano, onde houbo varias propostas xa de danza. Eu creo que é unha arte que goza de moi boa saúde e que debemos apostar por ela.

Neste sentido, é moi importante a implicación dos concellos máis pequenos nun tecido que permita achegalas a un maior número de público.

Está claro que os concellos temos que apostar por iso, pero tamén é preciso que as administracións superiores o teñan en conta, creando liñas específicas de apoio nas programacións dos concellos. Esta programación depende moito da persoa que a fai, mais tamén é unha cuestión de recursos. Moitas veces pesa máis o límite orzamentario que a vontade ou falta de vontade da persoa que programa. Penso que cunha liña específica poderíamos darlle moito máis pulo. Dende o concello de Cariño facemos un chamamento a tódolos concellos para que vexan que se pode programar, que se pode programar danza e que hai propostas moi interesantes para ver.

“cunha liña específica poderíamos darlle moito máis pulo”

E así é que o poderemos comprobar, coas propostas que acontecerán durante o vindeiro mes de decembro, no concello de Cariño.

Texto 21. Cara a unha escena plural. Iván Fernández entrevista a Jonathan Miranda.

Publicado en outubro de 2021 na órbita do proxecto “Cara a unha escena plural”, unha iniciativa que impulsa a circulación da danza e artes vivas de carácter profesional en Galicia. O proxecto, impulsado por Caterina Varela e Sabela Mendoza, nace no marco da Galicia Escena PRO 2019 e continúa dende 2020 co apoio de Agadic e distintos espazos colaboradores.